

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, E A FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DO COMERCIO RETALLISTA NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol M^a Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Federación Galega de Comercio o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 30 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a consellería e a federación, para a realización de accións de información-promoción no comercio retallista.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Plan de Impulso ao Comercio de Galicia 2015 – 2020 ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade e modernización do sector, propiciando un conxunto de medidas e actuacións, así como o fomento daquelas estratexias no sector da distribución comercial que incidan na dinamización das estruturas comerciais, modernizándoas e mellorando a súa xestión, e que favorezan o seu vertebramento. En definitiva contribuír a construción dun sector comercial máis competitivo e dinámico

A Federación Galega de Comercio ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ó que a súa denominación e fins se contraen, e entre outros, a representación, defensa e promoción dos intereses do comercio retallista, así como formular propostas e ser interlocutores perante a administración en todas aquelas accións, reformas ou medidas tendentes ó desenvolvemento, mellora e regulamento das actividades empresariais do comercio.

Neste senso, a posta en marcha de distintas actividades relacionadas directamente coa información, formación e promoción do comercio (e en especial do comercio electrónico), así como a profesionalización da xestión dos clientes como eixos fundamentais de actuación, amósanse axeitadas perante a situación que vive este colectivo, que demanda un decidido apoio na consecución dunha maior concorrència fronte a outras estruturas comerciais, e onde as administracións públicas teñen que xogar un papel relevante. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència pública porque as accións obxecto deste convenio realízanse pola propia Federación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

